Entre os indicadores da Primeira revisión Plan Forestal de Galicia 2021-2040, "Cara a neutralidade carbónica" se contempla entre outros para o citado Eixo VI- Planificación, ordenación e gobernanza un incremento quinquenal da superficie ordenada de 150.000ha, que suporía unha superficie forestal ordenada de 380.000ha ao remate do quinquenio 2021-2025.

O Goberno galego ten previsto elaborar os PORF durante o período comprendido entre 2026 e 2030, unha vez, e segundo o exposto no Plan Forestal de Galicia, se teñan elaborados e convalidados os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia así como os correspondentes mapas forestais. Esta programación temporal permite unha cobertura integral e organizada do territorio galego, asegurando que todos os distritos dispoñan dun plan adecuado para a xestión dos seus recursos forestais. Para garantir a eficacia destes plans, establecerase un proxecto piloto que definirá un plan tipo de referencia. Ademais, os distritos forestais clasificaranse en tres categorías principais: o Eixo Atlántico, as comarcas do interior de Galicia e as zonas de montaña das Serras Orientais de Lugo e Ourense. Esta clasificación ten en conta as características específicas de cada área, facilitando a implementación de medidas adaptadas ás súas necesidades particulares".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 14:49:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30908
Data envío: 12/08/2025 14:49:40.853

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16577**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da diminución na contratación de brigadas de incendios por parte dos concellos galegos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, recollida de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, devén nunha das accións de demostrada eficacia fronte a este obxectivo común, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

O goberno galego vén realizando durante estes últimos anos melloras continuas nos convenios de colaboración asinados coas distintas entidades locais para a prevención e defensa contra os incendios forestais, que podemos concretar nos seguintes puntos:

- Aumento da dotación económica:
- Novas actuacións subvencionables e aumento de prezos unitarios nos traballos preventivos das brigadas e tractores.
- Simplificación da documentación a aportar polas entidades locais.
- Ampliación das titulacións admitidas para o posto de xefe de brigada.
- Reforzo da formación para os compoñentes das brigadas e condutores de vehículos motobomba.

Recentemente enviouse a todas as entidades locais de Galicia invitación para colaboración en accións de prevención e defensa contra incendios forestais, na que Consellería do Medio Rural ofrece a posibilidade de subscribir novos convenios de colaboración para os anos 2025/2026. Nesta proposta vólvese a evidenciar o esforzo orzamentario acometido pola consellería, de xeito que se aumenta novamente o orzamento de brigadas (pasarían de 27.184,62 € no ano 2021 a 40.000,00 € no 2025) e de traballos preventivos mecanizados (de 130,10 €/ha no ano 2021 a 350 €/ha no 2025)".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 14:49:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30907
Data envío: 12/08/2025 14:49:33,392

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16578**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a intención da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de realizar un documento de análise da política de incendios forestais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A análise de resultados obtidos, tanto dende o punto de vista da prevención como da extinción de incendios forestais é unha labor continua, que se ven realizando durante todos estes anos e que da lugar, de xeito interno, a novas propostas de actuación que permitan mellorar os mesmos.

A día de hoxe a administración dispón e está procesando milleiros de datos obxectivos, numéricos, cartográficos, meteorolóxicos, de estratexias e tácticas e dende todos os puntos de vista técnicos do que aconteceu, do que podería ter acontecido de non actuar e de qué facer para que non volva a acontecer ou, de ser imposible, minimizar o efecto dos incendios. Para iso empregáronse medidas de todo tipo, dende legais, de planificación e de execución de medidas a levar a cabo a curto e medio prazo.

Estando a analizar todos eses datos e variables, focalizando os estudos analíticos e de reconstrución nos grandes incendios forestais, como en anteriores ocasións.

Para esta análise hai que resaltar o aumento continuado do investimento na formación, especializada nas diversas categorías, que permite tamén contrastar diferentes puntos de vista.

Os resultados son obxecto de presentación e debate no parlamento e no Consello Forestal de Galicia, aínda que calquera debate que permita unha análise do traballo realizado e unha proposta de mellora non supón ningunha traba para esta consellería.

Para este tipo de actuacións a Dirección Xeral de Defensa do Monte establece anualmente o plan de prevención, que se inclúe dentro do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PLADIGA), de acceso público e no que pode consultar, por provincia, a planificación de actuacións e o seu orzamento desagregado.

As distintas actuacións que se poden realizar, tanto ás dirixidas á poboación como ás enfocadas sobre o territorio se poden e se deben realizar durante todo o ano, seleccionando ben en función da época o tipo de labor preventiva a realizar, evitando lóxicamente actividades que poidan supoñer un risco de inicio de incendio. A planificación ademais pode abarcar máis dun ano, establecendo prioridades e marcos temporais para o mantemento de infraestruturas preventivas. Neste eido da prevención, esta planificación é fundamental, sendo conscientes de que hai medidas que darán os seus froitos a medio e longo prazo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademáis do comentado no apartado anterior respecto da consulta do plan de prevención desta dirección xeral, cunha serie de actuacións alí incluídas que se poden considerar como selvicultura preventiva (traballos con medios propios, certos casos de áreas cortalumes...), hai que considerar principalmente os traballos programadas pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 14:49:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30906
Data envío: 12/08/2025 14:49:26.329

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16579**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre "**a diminución no ano 2024 respecto do 2016 na constitución de brigadas municipais de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2023, e por un período de dous anos, asináronse os convenios de colaboración coas distintas entidades locais de Galicia para a prevención e defensa contra os incendios forestais, que contemplan actuacións de vehículos motobomba, tratamentos preventivos de xeito mecanizado e tamén as de brigadas, en labores de prevención e extinción de incendios forestais.

No ano 2024 constituíronse un total de 137 brigadas. O goberno galego vén realizando durante estes últimos anos melloras continuas nos convenios que, como se relatou en anteriores ocasións, podemos concretar nos seguintes puntos:

- Aumento da dotación económica.
- Novas actuacións subvencionables e aumento de prezos unitarios nos traballos preventivos das brigadas.
- Simplificación da documentación a aportar polas entidades locais.
- Ampliación das titulacións admitidas para o posto de xefe de brigada.
- Reforzo da formación para os compoñentes das brigadas e condutores de vehículos MB.

Non podemos esquecer o que se recolle de forma explícita na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que é a colaboración e a cooperación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais en materia de prevención de incendios forestais, pois as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen tamén o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Galicia xa conta cun dispositivo de extinción de incendios suficiente e ben estruturado, no que se inclúen as brigadas e motobombas municipais, cuxo período de operatividade é lóxico que coincida coa época de perigo alto de incendios, pois supoñen un reforzo importante neste dispositivo. Esta colaboración, tanto na prevención como na extinción, constitúe unha valiosa ferramenta no obxectivo común da loita contra os incendios forestais. Tampouco se debe esquecer que o convenio inclúe tamén a opción de traballos preventivos mecanizados, con prazo de actuación ata o 30 de setembro, é dicir, que durante 2024 alongaríase ata os 9 meses.

Aínda así a Xunta segue traballando e buscando alternativas nesta colaboración, como se amosou coa sinatura de dous novos protocolos de colaboración coas Deputacións Provinciais de Pontevedra e Ourense, que teñen por obxecto establecer as bases da colaboración para desenvolver actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, co fin de dotar de medios materiais e formación especializada ao persoal de distintas entidades locais das dúas provincias. Ademais, o protocolo coa Deputación de Ourense contempla o desenvolvemento de catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios forestais por un período de seis meses en catro mancomunidades, experiencia da que se poderán extraer resultados a trasladar a outras zonas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 14:49:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 30905
Data envío: 12/08/2025 14:49:14.578

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 18440**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fernández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"a xestión por parte da Xunta de Galicia das indemnizacións ás explotacións gandeiras afectadas pola incidencia da enfermidade hemorráxica epizoótica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A comunicación inmediata aos servizos veterinarios oficiais da sospeita dunha enfermidade de declaración obrigatoria, como é a EHE, é unha obriga recollida no artigo 5 da Lei 8/2003 de 24 de abril, de sanidade animal. A propia Lei prevé que cando non exista un prazo específico na normativa aplicable, este será de 24 horas como máximo. O cumprimento desta obriga non depende da existencia ou non de axudas.

Desta obriga, como ocorreu no 2023, informouse ao sector a través de comunicacións na Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN), así como a través das diferentes asociacións (operadores comerciais, Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras -ADSG-), Colexios de Veterinarios Oficiais e, evidentemente, en todo momento a través das Oficinas Rurais (OR), figurando en todos os protocolos facilitados aos Servizos Veterinarios Oficiais.

A confirmación da enfermidade, e polo tanto a adquisición de dereitos de indemnización, debe estar supeditado obviamente á certeza de que a causa do sinistro é debida efectivamente á EHE. O diagnóstico laboratorial positivo é polo tanto a proba obxectiva que garante que un animal con sintomatoloxía compatible está efectivamente infectado por este patóxeno, posto que outras enfermidades do gando bovino como a diarrea vírica bovina, a rinotraqueite infecciosa bovina, a febre catarral bovina ou a estomatite vesicular deben contemplarse no diagnóstico diferencial da EHE, ao poder presentar unha sintomatoloxía similar.

Resulta absolutamente incerto que o número de animais aos que non se lle tomaron mostras sexa elevado, e tamén que non houbera medios humanos para levar a cabo esas tomas de mostras, ou a supervisión dos animais declarados como sospeitosos.

Dende o 16 de abril (data de comezo do período de actividade do vector transmisor) ata o 5 de decembro de 2024 (data de referencia que se tomou para determinar as persoas beneficiarias da axuda) declaráronse un total de 7.259 animais sospeitosos da enfermidade, dos que se tomou mostra en 6.852. Pero é que dos 407 animais non mostrexados, 210 corresponderon a animais mortos nos que na inmensa maioría dos casos a persoa gandeira declarou directamente a morte do animal, sen comunicar previamente a existencia de sintomatoloxía compatible coa enfermidade, e ás veces

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



mesmo cando xa fora recollido o cadáver, o que impediu realizar a toma de mostras ou comprobar os síntomas do proceso do animal. Aínda así, deses 210 animais mortos sen mostra, 178 foron indemnizados, ao existir outros animais positivos na explotación, e considerar que existía unha dúbida razoable de que as mortes se produciran pola EHE.

Os restantes casos de animais sen toma de mostras foron puntuais, en explotacións concretas e por diferentes circunstancias, e en ocasións por causas alleas á Consellería do Medio Rural (erros involuntarios nas comunicacións de sospeita, animais de monte nos que as persoas titulares manifestaron a imposibilidade de recoller os animais...).

Debe terse en conta que ao tratarse dunha enfermidade emerxente e de declaración obrigatoria, a maioría das tomas de mostras foi realizada polo persoal veterinario propio da Consellería do Medio Rural, pero dende o primeiro momento facilitouse a declaración das sospeitas e a toma de mostras por parte de persoal alleo, como persoal veterinario clínico privado ou persoal veterinario das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG), e de feito así se comunicou expresamente tanto aos Colexios de Veterinarios como ás ADSG.

Deste xeito, calquera persoa veterinaria clínica ou de ADSG podía realizar a toma de mostras no momento de atender a un animal, mesmo cando nese momento aínda non se houbera declarado a sospeita (esta comunicación podía facerse inmediatamente despois), e de feito foron admitidos absolutamente todos os resultados de mostras tomadas por este tipo de persoal.

Para establecer o importe a pagar polos tratamentos veterinarios para animais afectados, dende a CMR contactouse cos Colexios Veterinarios Oficiais e con persoal veterinario clínico que atendeu numerosos casos de bovinos afectados, co fin de realizar a estimación do custo medio do tratamento dos animais enfermos pola EHE.

Hai que ter en conta que os animais infectados polo virus da EHE poden mostrar dende unha sintomatoloxía moi leve a unha sintomatoloxía grave ou moi grave é incluso nalgún caso con mortalidade, se non se produce con prontitude o tratamento veterinario. Por isto, o custo do tratamento pode variar enormemente en función de cada caso concreto, con casos que requiren unicamente a aplicación de antipiréticos e antiinflamatorios, ata casos máis graves que precisen fluidoterapia ou antibióticos para o tratamento de infeccións bacterianas secundarias.

Sopesando todas estas variables, e coa información recollida dos propios profesionais veterinarios, a CMR determinou que o custo medio de 100 € por animal afectado era unha cantidade indemnizatoria adecuada.

Debe valorarse que o importe destes tratamentos incluíuse nas axudas mesmo para os casos nos que a persoa titular declarara o caso unha vez morto o animal, sempre que a explotación se considerara afectada pola existencia doutros casos positivos na explotación”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 9:36:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 09:36:04
Nº Rexistro: 30842
Data envío: 12/08/2025 09:36:04.232

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 18891**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, don Secundino Fernández Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"os plans previstos polo Goberno galego relacionados coa habilitación de axudas destinadas ás explotacións gandeiras afectadas polo temporal Kirk"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O pasado outono, o temporal Kirk bateu coa nosa Comunidade autónoma cunha forza que impactou nunhas zonas máis que noutras, posteriormente seguiu chovendo. Todo isto provocou que o millo que quedou tirado pola forza do vento non puidera ser recollido nalgúñas parcelas do noso territorio. Ademais, outros cultivos como os da pataca ou da castaña foron afectados.

Os produtores afectados que resultaron co seu millo tirado polo chan a consecuencia do vento, tiveron acceso ás axudas do anticipo da PAC coa maior celeridade, e así, se lles efectuou o pago do anticipo do 70% das liñas de Axuda ás Vacas Nutrices e de Axuda ao Vacún de Leite; así mesmo tamén se abonou o 70% da Axuda básica á renda para a sustentabilidade, da Axuda complementaria redistributiva e da Axuda complementaria para mozos agricultores e mozas agricultoras, co ánimo de contrarrestar as dificultades na recollida que atravesaron por mor dos problemas xurdidos a consecuencia do temporal. Estas axudas á renda tamén foron ingresadas especificamente aos produtores de pataca da Limia coa máxima urxencia.

No que respecta ao millo, ademais debemos ter en conta que, o millo forraxeiro conta coa posibilidade de acollerse ás liñas de explotacións de cultivos forraxeiros do seguro agrario, entre as que se atopa o millo forraxeiro, que cobre os danos ocasionados por condicións excepcionais entre as que están os casos de inundación, choiva torrencial, choiva persistente e vento tempestuoso.

O seguro agrario constitúese nunha ferramenta fundamental que teñen á súa disposición os agricultores e gandeiros para facer fronte a situacións de continxencia e dificultades sobrevindas por adversidades climatolóxicas. Este sistema está baseado no principio de "o asegurable non é auxiliable", polo que non se conceden axudas de carácter extraordinario para aqueles riscos contemplados nos Plans de Seguros Agrarios, sobre as producións asegurables.

Por outra banda, en relación coa aplicación da condicionalidade reforzada e máis concretamente coas Boas Condicións Agraria e Ambientais da terra descritas na BCAM 7 (Rotación/Diversificación de cultivos) para os agricultores e agricultoras con

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





explotacións cunha superficie superior a 10 hectáreas, existen flexibilizacións ás que poderán acollerse para a xustificación de excepcións durante a campaña 2024 e seguintes.

Polo tanto, a Consellería do Medio Rural reaccionou de maneira inmediata tras o paso da tormenta Kirk, poñendo a disposición dos agricultores e agricultoras todos os medios necesarios para minimizar o alcance dos danos causados polo temporal, e adiantando o diñeiro da PAC co fin de que os afectados puideran facer fronte ás circunstancias sobrevidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 9:35:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 09:35:43
Nº Rexistro: 30839
Data envío: 12/08/2025 09:35:43,902

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19031**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"os expedientes denegados en 2024 por parte da Consellería do Medio Rural das liñas de axudas ás explotacións agrarias e os prazos para a súa convocatoria en 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias de 2024 incluíu as seguintes liñas de axudas: incorporación de mozos, incorporación de novos (40-55 anos), plans de mellora verdes, plans de mellora convencionais, pequenas explotacións convencionais e pequenas explotacións "verdes".

Os resultados poden consultarse na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250129/AnuncioG0426-080125-0011_gl.html".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 9:37:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 09:37:26
Nº Rexistro: 30846
Data envío: 12/08/2025 09:37:26.710

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19100**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Deza Martínez e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia no desenvolvemento do programa de construción de aloxamentos compartidos destinados a menores de 36 anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"De momento a Xunta ten xa en marcha tres edificacións con estas características: Illa Coelleira en Lugo, Xoán XXIII en Santiago e en Navia.

Prevese poder dar facilidades ás necesidades de emancipación de mozos que acceden ao seu primeiro traballo ou están a percibir becas de formación ou de investigación, para que podan dispoñer duna alternativa residencial adaptada as súas necesidades e forma de vida e que facilite que, unha vez superada esa primeira fase de incorporación ao mercado laboral, podan acceder a unha vivenda xa sexa libre ou protexida e permitan o relevo na ocupación do aloxamento que deixan.

A intención é replicar esta actuación noutras cidades da CA de Galicia.

Esta modalidade está implantada en moitos países de Europa e mesmo noutras CCAA como é o caso de Cataluña cos aloxamentos con espazos comúns complementarios ou os aloxamentos compartidos e os aloxamentos dotacionais no País Vasco.

Nas edificacións, ademais dos aloxamentos propiamente ditos, inclúiranse espazos para servizos e usos comúns dos residentes. Así, os inmobles contarán cunha sala onde os residentes poderán traballar de forma individual ou colaborativa, que permitirá tamén o teletraballo; tamén cunha zona de usos múltiples para reunións, estancia ou para a realización de actividades diversas como ximnasio, celebración de eventos, e outras zonas de lavandería e tendido de roupa, así como cuartos de limpeza.

Ademais, a Xunta de Galicia destinará o 40 por cento das vivendas públicas que está a promover en alugamento para mozos menores de 36 anos, así como o 25 por cento das que se destinen á venda".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:05:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:05:35
Nº Rexistro: 30981
Data envío: 13/08/2025 13:05:35.058

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19161**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, don Secundino Fernández Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"a eventual reclamación ao Goberno central do recoñecemento da titularidade comunitaria dos montes veciñais en man común e da posibilidade de poderen ser beneficiarios de axudas e subvencións de ámbito galego ou estatal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 19157 e debatida na Comisión 7ª do día 30 de maio de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGZkNWlzMmMtZWZhMy00OGI5LTNmMmUtYWY3NTQxNzBhNmQx>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/08/2025 9:37:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2025 09:37:13
Nº Rexistro: 30844
Data envío: 12/08/2025 09:37:13.805

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19333**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Silvia Longueira Castro e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia referidas ao impulso dos trámites necesarios para concluír as obras do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"É importante sinalar que o nome correcto do CIAM é Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo posto que son múltiples as investigacións no ámbito de competencias da Consellería do Medio Rural que abrangue o ámbito agrícola, gandeiro, silvícola e da industria agroalimentaria.

Por outra banda, a denominación correcta do banco ao que aluden é Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia que depende de AGACAL e que no seu funcionamento ordinario é coordinado e dirixido polo Centro de Investigación Agrarias de Mabegondo e pola Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia no que se refire ás variedades de vide e recursos microbianos vinícolas.

Dito isto, é importante sinalar que actualmente estase a traballar de xeito continuado para realizar todos cantos trámites son precisos para a posta en funcionamento das edificacións xa construídas do Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a dotación e equipamento dos medios técnicos interiores para a posta en funcionamento das novas instalacións.

Así mesmo, cómpre sinalar que a aposta non se cingue á construción dunha carcasa construtiva sen máis, que son as obras finalizadas na primeira fase das novas instalacións do Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia, senón que abrangue a posta en funcionamento efectivo coas cámaras de conservación xa existentes, e a dotación de laboratorios e espazos de traballo axeitados. Todo aquel equipamento do que xa dispón o CIAM que poida ser aproveitado para o funcionamento dos equipos de traballo e investigación nas novas instalacións deberán incorporarse a elas e serán atendidas as necesidades adicionais que sexan detectadas e transmitidas polos profesionais que traballarán nas novas instalacións segundo as dispoñibilidades orzamentarias asignadas a AGACAL, sen descoidar ningunha das unidades dependentes da Axencia".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:05:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:05:29
Nº Rexistro: 30980
Data envío: 13/08/2025 13:05:29.283

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19388**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **“as medidas que se están a tomar para a prevención e detección da gripe aviaria en Galicia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O comportamento na presenza e distribución dos virus de IAAP variou considerablemente nos últimos anos. Historicamente este virus estaba máis presente no período estacional invernal, cunha dinámica de incidencia moi similar ao virus influenza humano (gripe estacional). Porén, desde o ano 2022 detectouse un patrón de circulación desestacionalizado, notificándose focos de enfermidade ao longo de todo o ano, tanto en España como noutros países da Unión Europea.

O risco ven determinado fundamentalmente pola presenza de aves silvestres, principalmente migratorias, portadoras inaparentes da enfermidade e que poden contaxiar ás aves silvestres autóctonas ou as aves domésticas. Dada a imposibilidade de control dos ciclos migratorios e hábitos das aves silvestres, tanto migratorias como autóctonas, as medidas de mitigación do risco de enfermidade nas nosas aves domésticas pasa inescusablemente polo incremento das medidas de bioseguridade nas granxas avícolas, encamiñadas á prevención do contacto con aves silvestres de calquera tipo.

Estas medidas preventivas son as que a Comunidade Autónoma de Galicia puxo en funcionamento o pasado mes de xaneiro, tras a comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dunha situación de risco alto de aparición de IAAP en España, determinado polo sistema de avaliación continua de risco establecido por ese ministerio.

A consecuencia deste aumento no nivel de risco, en Galicia, como no resto do Estado tomáronse as medidas establecidas normativamente na *Orde APA/ 2024/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación á influenza aviaria*, orientadas á evitar o contacto entre aves silvestres e aves de curral.

Nesta norma, establécense distintas zonas segundo o nivel previsto de risco fronte á IAAP, definidas de acordo coa existencia de masas ou cursos de auga que favorecen a existencia de aves silvestres migratorias, vectores necesarios para a transmisión e difusión dos focos desta enfermidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Así establécense, en orde decrecente segundo o risco previsto, unha zona de especial risco (ZER), unha zona de especial vixilancia (ZER) e finalmente, o resto do territorio.

As medidas de prevención específicas adoptadas pola Consellería do Medio Rural desde o pasado 16 de xaneiro son as seguintes:

- Nas zonas de especial risco (ZER) que afecta a 7 concellos da provincia de Pontevedra: prohibición da cría de aves ao aire libre, agás que se utilicen dispositivos como teas paxareiras que impidan o contacto coas aves silvestres, prohibición de dar auga que puidera estar contaminada polas aves silvestres, agás que se someta a proceso de hixienización...) e prohibición das concentracións de aves de calquera tipo.
- Nas zonas de especial vixilancia (ZEV) que afecta a 29 concellos das catro provincias galegas: prohibición das concentracións de aves de calquera tipo.
- No resto do territorio, a celebración de concentracións está condicionada á adopción de medidas de bioseguridade que impidan o contacto directo ou indirecto (polas dexeccións) coas aves silvestres.

Así mesmo, en toda a comunidade autónoma recoméndase a adopción nas granxas de medidas de bioseguridade xeral (evitar a entrada de aves silvestres ao interior de instalacións nas que se aloxen aves de curral, evitar o contacto destas últimas coa fauna silvestre, limitar ao mínimo imprescindible as visitas., etc.).

A efectividade das medidas preventivas depende en gran medida do grao de coñecemento e sensibilización das persoas que as teñen que levar a cabo. Con este fin a Consellería do Medio Rural mantén permanentemente informado ao sector avícola galego (Integradoras avícolas, Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira, asociacións de interese, etc.), co obxecto de conseguir a máxima difusión entre os actores implicados na produción e sanidade avícola. Así mesmo, foron informados das medidas preventivas decididas todos os concellos implicados, así como os axentes ambientais (a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático) e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado co fin de que extremen a vixilancia de aves sospeitosas de padecer IIAP e o comuniquen de inmediato á Consellería do Medio Rural.

No ano 2024 notificáronse en Galicia 21 focos de influenza aviaria de alta patoxenicidade, serotipo H5N1, que afectaron en todos os casos a aves silvestres (todos exemplares de gaivotas, agás un mascato). Non se detectaron casos en aves de curral”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:05:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:05:06
Nº Rexistro: 30976
Data envío: 13/08/2025 13:05:06.223

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 19389**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o nivel de risco epidemiolóxico de gripe aviaria en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 20709**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Sonia Vidal Lamas e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a posibilidade de modificar a normativa para que as axudas ás explotacións gandeiras extensivas nas zonas con presenza de depredadores silvestres sexan tamén accesibles á gandería ecolóxica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O complemento pola presenza de animais carnívoros da intervención 65013 (*Compromisos ambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos*) permite compatibilizar a presenza de grandes carnívoros que xeran interaccións con impactos negativos cos aproveitamentos agrícolas e gandeiros, de modo que diminúan os conflitos e mellore a capacidade de coexistencia.

A conservación dos grandes carnívoros é unha das prioridades da política ambiental europea, tanto polo importante papel ecolóxico que estas especies xogan nos diferentes ecosistemas, como polo seu valor social e cultural. Garantir a conservación efectiva destas especies pasa necesariamente por conservar hábitats e espazos naturais suficientemente amplos e ben conectados entre si, reducir as causas de mortalidade e sobre todo impulsar a coexistencia coas actividades humanas presentes no territorio.

A maneira máis eficaz para alcanzar esta convivencia consiste na adopción das oportunas medidas de prevención para protexer o gando, reducindo así os danos e incrementando a aceptación social. Estas medidas de prevención deben ser prioritarias fronte ao control da poboación.

É tamén indispensable valorar adecuadamente os danos, incluíndo o efecto no conxunto da explotación e efectuar as indemnizacións á maior celeridade.

Por outra banda, este complemento pola presenza de animais carnívoros non é aplicable ás axudas da intervención 6503 (*Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica*).

A pretensión de que en base ao disposto na Orde da PAC se está a crebar o principio constitucional de igualdade baseada en que ao ser incompatibles as axudas de extensivo coas ecolóxicas e non regular o complemento pola presenza de animais carnívoros no apartado das axudas ecolóxicas, que é causa de que maneira que os

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



gandeiros ecolóxicos que teñan os seus animais ao aire libre e realicen o pastoreo, por comparación coa situación dos gandeiros en extensivo non ecolóxicos, non poidan ter acceso ao complemento pola presenza de animais carnívoros; resulta sen fundamento xurídico e así, xa hai sentenzas xudiciais neste sentido.

Non existe trato discriminatorio da gandaría ecolóxica en relación á extensiva, pois a Orde da PAC dá tratamento diferenciado ás explotacións de gandaría ecolóxica, ás que permite acceder a liñas de axuda específicas que quedan vedadas á gandaría extensiva e obvian as especiais vantaxes que, en termos globais, teñen as axudas ás gandarías ecolóxicas. As bases prevén axudas que son exclusivas para gandarías ecolóxicas, con elevados importes, ás que de ningún xeito poden acceder ás gandarías extensivas.

Para analizar o tratamento dado pola Orde a unhas e outras hai que ter en conta as imposicións comunitarias propostas pola Comisión europea. A actuación da Administración autonómica nestas axudas é só a efectos de xestión das axudas, xa que o seu deseño e as condicións que lle serán aplicables veñen predeterminados pola definición das intervencións, por parte o Plan estratéxico 2023-2027 nacional de Política Agraria Común (PEPAC) para o Reino de España.

É o PEPAC o que, ao regular a necesidade 06.09 ("compatibilidade con grandes carnívoros"), o que decide non incluír a "Intervención 6503 -Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica" e, por tanto, cando a Orde da PAC establece dita incompatibilidade, non fai máis que dar conta do acordado no Plan.

É, pois, o Plan Estratéxico da PAC o que determina que a "*Intervención 6503 - Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica*", *sexa incompatible coa "Intervención 6501.3 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos"*, que inclúe a "*Necesidade 06.09 Compatibilidade con grandes carnívoros*".

Así, no PEPAC indícase:

"Os elementos crave do Plan para abordar a necesidade 06.09. Compatibilizar a presenza de grandes carnívoros que xeran interaccións con impactos negativos cos aproveitamentos agrícolas e gandeiros, de modo que diminúan os conflitos e mellore a capacidade de coexistencia son os seguintes:

- Intervención sectorial apícola: ou Investimentos en activos materiais e inmateriais, para repoboar as colmeas na Unión, en particular mediante a cría de abellas.*

- Intervencións de Desenvolvemento Rural:*

- 6501.3 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos.*

- 6501.4 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias en apicultura para a biodiversidade. ou 6501.5 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias, en protección da avifauna.*

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





-6501.6 SIGC. Compromisos agroambientais en superficies agrarias, en mantemento ou mellora de hábitats e de actividades agrarias tradicionais que preserven a biodiversidade. ou 6844 non SIGC Axudas a investimentos non produtivos en explotacións agrarias vinculadas á mitigación-adaptación ao cambio climático, uso eficiente dos recursos naturais e biodiversidade.

-6871 non SIGC Investimentos non produtivos en servizos básicos no medio natural.

En ningún caso se inclúe a intervención 6503 (Compromisos de xestión agroambientais en agricultura ecolóxica).

Á hora de avaliar as incompatibilidades entre a intervención 6503 (*Compromisos ambientais en agricultura ecolóxica*) coa intervención 65013 (*Compromisos ambientais en superficies agrarias. Compromisos de fomento e xestión sostible de pastos*), que é onde se recolle o complemento a ganderías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros mediante a subintervención 65013.03, non se pode obviar que a gandería ecolóxica ten un tratamento propio e singular, accedendo a liñas de axuda propias, ao recollerse nunha intervención específica, ás que non tería acceso a gandería extensiva que non cumpra os requisitos da gandería ecolóxica e que por tanto non sexa susceptible de incluírse na intervención 65013.

En conclusión, é evidente que este tratamento separado da gandería ecolóxica, con liñas de axuda propias e singulares (como a subintervención 65030.21: conversión de gandería ecolóxica e subintervención 65030.22: mantemento de gandería ecolóxica) ás que non pode acceder a gandería extensiva, dificultan a comparación entre as situacións de ambos os tipos de gandería. E é que, non é que ante unha mesma intervención se exclúa dun complemento por presenza de grandes carnívoros de forma arbitraria á gandería que cumpra as esixencias máis rigorosas da gandería ecolóxica, senón que se trata dun deseño específico para esta de determinadas liñas de axuda, cunhas subintervencións específicas, diferenciada das subintervencións que corresponden á gandería que non cumpre os requisitos normativos da gandería ecolóxica. E que está establecido a través do PEPAC. Á hora de realizar a comparación entre o tratamento a unha e outra gandería, en consecuencia, non só pódese atender á posibilidade de acceder nun caso ao complemento por presenza de grandes carnívoros (na intervención 65013, en función da subintervención 65013.03) senón que de forma global hai que atender ao conxunto de axudas que se outorgan nunha e outra situación, subsumibles en diferentes subintervencións.

Por todo o anterior, non procede a modificación da Orde da PAC no que respecta ao complemento pola presenza de animais carnívoros”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 12:59:13
Nº Rexistro: 30956
Data envío: 13/08/2025 12:59:13.818

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 12:59:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 12:59:13
Nº Rexistro: 30956
Data envío: 13/08/2025 12:59:13.818

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 20737**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a planificación das medidas para acadar a igualdade do deporte feminino en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O impulso da participación da muller no deporte, así como a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, son elementos vertebradores dos principios e políticas públicas de actuación deportiva en Galicia, seguindo neste punto o establecido nos artigos 3.d) e 5.3 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

O desenvolvemento de actuacións, programas e campañas específicas a favor e na promoción da igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos deportivos son eixe das políticas da Xunta de Galicia.

Os parámetros obxectivos amosan un importante crecemento da presenza feminina no deporte galego. Así no ámbito das licenzas de deportistas, do total de 224.501 licenzas existentes en 2009, 42.480 delas femininas, pasouse en 2024 a 319.671, das que 98.650 son mulleres.

No que respecta a deportistas galegas de alto nivel, o incremento tamén é salientable. No 2011 había un total de 333 deportistas galegos de alto nivel, dos que 95 era mulleres e pechamos 2024 con 1.500 recoñecementos, dos que o 41% son mulleres.

Sen dúbida o traballo das deportistas e do tecido deportivo teñen sido esencial neste crecemento, pero tamén compre apuntar as actuacións e programas impulsados e levados a cabo dende a Xunta de Galicia, en colaboración e coordinación cos axentes deportivos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 12:59:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 12:59:01
Nº Rexistro: 30954
Data envío: 13/08/2025 12:59:01.202

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 20985**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outras deputadas, sobre **"a situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21085 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 12 de marzo de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjQ1ZjRkMjAtNTU3Ny00N2VhLTlhMjctZjY0ZjI1NzNhZWUw>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:02:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:02:55
Nº Rexistro: 30972
Data envío: 13/08/2025 13:02:55.804

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21089**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para reducir o nivel de asuntos pendentes no Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago de Compostela"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O colapso ao que se alude na iniciativa no xulgado do Penal número 2 de Santiago non é por falta de persoal porque ten todo o cadro de persoal cuberto.

Salientar que durante todo o xuízo do accidente do Alvia estivo reforzado con tres funcionarios e este aínda continúa cunha funcionaria de xestión procesual e, ademais, autorizouse o nomeamento dun funcionario interino de auxilio xudicial.

Hai que indicar tamén que a Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que corresponde adoptar decisións sobre a acumulación de asuntos nun xulgado ao Ministerio de Xustiza e ao Consello Xeral do Poder Xudicial e de maneira subsidiaria á Xunta de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:02:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:02:39
Nº Rexistro: 30970
Data envío: 13/08/2025 13:02:39.751

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21779**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"as condicións en que está funcionar a alta velocidade ferroviaria en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes durante a comparecencia a petición propia, número de rexistro 26638, para informar sobre a situación do transporte en Galicia e que tivo lugar no Pleno celebrado o pasado 10 de xuño de 2025, á que nos remitimos e que pode verse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:50:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:50:10
Nº Rexistro: 31039
Data envío: 14/08/2025 09:50:10.294

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 21802**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Nicole Grueira Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a nova campaña de prevención e control da avésa asiática"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Administración Local en resposta á pregunta oral en Comisión número 21801, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 8 de maio de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa da directora xeral de Administración local pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjM0NjM1YjltYmZjMi00N2Q4LWI1ZmYtYzQxYzcxMWFhNjc4&start=8251>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjM0NjM1YjltYmZjMi00N2Q4LWI1ZmYtYzQxYzcxMWFhNjc4&start=9113>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:50:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:50:01
Nº Rexistro: 31038
Data envío: 14/08/2025 09:50:01.240

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22018**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego logo da anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A sentenza do TSXG só anula certos apartados de 3 dos 41 artigos do decreto que regula as entidades de colaboración ambiental.

Esta figura naceu para simplificar os procedementos de avaliación ambiental axilizando a tramitación de plans, programas e proxectos relevantes para Galicia a través da colaboración público-privada: unha colaboración que se dá en moitos ámbitos sectoriais, como o urbanismo, e por parte da maioría das CCAA e do propio Estado español

A participación de entidades colaboradoras é unha constante tanto na normativa autonómica de réxime xurídico e de procedemento como na ambiental, sen que se cuestionara xudicialmente a súa legalidade. De feito, esta mesma figura está prevista e regulada en comunidades como o País Vasco.

Ademais, o decreto só prevé a súa colaboración auxiliar e de carácter técnico nas avaliacións ambientais. Por iso, recorreuse a sentenza xa que esta figura non altera o principio de que as potestades públicas corresponden en exclusiva aos órganos administrativos competentes.

Con todo, ata o momento, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático non recorreu en ningunha ocasión a estas entidades de colaboración na tramitación de procedementos de avaliación ambiental, polo que ningún dos expedientes xestionados desde a entrada en vigor do decreto se ve afectado nin está en risco de ser anulado ou suspendido".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/08/2025 13:02:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2025 13:02:12
Nº Rexistro: 30967
Data envío: 13/08/2025 13:02:12.335

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22315**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto da elaboración de informes relativos á evolución do cambio climático e ás súas repercusións en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e os seus Plans Rexionais integrados adoptan na actualidade un enfoque sectorial na acción fronte ao cambio climático da Xunta de Galicia tendo en conta os avances en materia de investigación, a análise dos efectos nas principais variables climáticas e as proxeccións futuras do clima en na nosa rexión.

Todos os documentos poden consultarse en:

<https://cambioclimatico.xunta.gal/estratexia-cambio-climatico>

Desde a súa concepción, a Estratexia tivo vocación de ser eminentemente participativa, polo que a Xunta de Galicia involucrou a diferentes axentes cos que crear unha Estratexia compartida. Este espírito participativo foi o eixe para a elaboración desta Estratexia e o seu carácter aberto permitiu observar como a sociedade galega e os diferentes axentes clave encadrados nos distintos sectores se involucraron para a identificación de retos.

Foron 422 os participantes ao primeiro acto celebrado no ano 2017 e 143 e 125 os actores das mesas sectoriais celebradas ao longo do ano 2018, todos representando diferentes perfís. Sen dúbida, o Goberno galego quixo contar na súa elaboración co talento da comunidade investigadora e a innovación xa que deben xogar un papel relevante na creación de solucións que sirvan para acelerar esta transición cara unha rexión baixa en emisións e permitan xerar novas oportunidades empresariais.

Realizouse, ademais, unha diagnose de situación do cambio climático en Galicia, mediante unha análise sectorial de maneira que o resultado de dita avaliación permitiu a identificación dos grandes obxectivos que marcan a axenda futura da loita contra o cambio climático en Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, o desenvolvemento desta Estratexia, a través dos Plans Rexionais Integrados de Enerxía e Clima, xa permitiu obter resultados no primeiro horizonte temporal (2019-2023), tal e como recolle o Informe de execución do Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 (I PRIEC) e fixar a acción de cara ao ano 2030.

Por outra banda, o desenvolvemento do Mapa de Coñecemento e Capacidades de Galicia axudou a enriquecer o diagnóstico da situación da investigación na área de cambio climático que se realiza en Galicia. Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Meteogalicia, desenvolve a observación na evolución das principais variables climáticas e quen realiza as proxeccións de cambio climático rexionalizadas para a Comunidade galega, co obxecto de permitir analizar as posibles repercusións do cambio climático en horizontes temporais futuros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:49:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:49:48
Nº Rexistro: 31036
Data envío: 14/08/2025 09:49:48,948

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22379**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a postura do Goberno galego ante a proposta de creación dunha axencia galega para o clima e a meteoroloxía"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia regulará a través da Lei do Clima as funcións dos servizos meteorolóxicos, climatolóxicos e de calidade do aire de Galicia, de xeito que se coordinen estas funcións cos departamentos autonómicos que exercen competencias en saúde, emerxencias, protección civil, prevención e extinción de incendios, augas e ordenación do territorio que están estreitamente relacionados coa meteoroloxía e climatoloxía.

MeteoGalicia forma parte da Rede de Investigación e Observación Ambiental da Xunta de Galicia. Trátase dun servizo meteorolóxico propio, constituído por 160 estacións meteorolóxicas, unha rede de detección de raios, un radar meteorolóxico de Monte Xestiras, acceso á imaxes Meteosat e un equipo de radiosondaxe. Toda esta infraestrutura está certificada coa certificación de calidade ISO-9001.

En canto á Rede de Calidade do Aire de Galicia, que tamén forme parte da Rede de Investigación e Observación Ambiental, consta de 47 estacións fixas, 15 xestionadas directamente pola da Xunta de Galicia

Estas estacións proporcionan datos a tempo real dos contaminantes atmosféricos CO, NO2/NOx, Benceno, O3, SO2 e PM10, PM2,5 que se poden consultar na páxina web de MeteoGalicia. Esta infraestrutura tamén conta cun sistema de xestión da calidade certificado, segundo a Norma UNE-EN 9001:2015, que garante a calidade doa datos emitidos".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:49:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:49:36
Nº Rexistro: 31034
Data envío: 14/08/2025 09:49:36,792

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22384**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"o cumprimento da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia no referido á presenza de mulleres nos corpos da Policía Local"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Emerxencias e Interior en resposta á pregunta oral en Comisión número 22383, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 4 de xuño de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do director de Emerxencias e Interior pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2Y5OTljZDAtMGNiOS00MzA1LTlhN2UtN2I5NjlkZGUzMDkw&start=7178>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2Y5OTljZDAtMGNiOS00MzA1LTlhN2UtN2I5NjlkZGUzMDkw&start=8126>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:49:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:49:31
Nº Rexistro: 31033
Data envío: 14/08/2025 09:49:31.126

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22408**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a previsión da Xunta de Galicia no que atinxe á súa participación no financiamento da EDAR de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" As competencias en materia de saneamento e abastecemento son estritamente municipais, e así está reflectido nos textos lexislativos reguladores do réxime local e da normativa sectorial en materia de augas (a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia).

O que fai a Xunta, e o que ten atribuído, é o apoio aos concellos e a colaboración (xa sexa técnica ou financeira) para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficaz das ditas competencias.

E iso é o que se está a facer co concello de Barreiros, ao igual que co resto de concellos galegos. Estase a colaborar co Goberno municipal no exercicio das súas competencias de saneamento.

Unha colaboración que non é nova e que se remonta ao ano 2010, no que se asinou un convenio entre Xunta, Deputación e Concello para a dotación de infraestruturas de saneamento a este municipio.

Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos de celebrada o pasado 27 de novembro de 2024 polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón en resposta á POC 7597.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 27 de novembro de 2024:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGM4OGRjOTgtODJjOS00MzAzLTlmNDQzMtUyMGE0Zjc3NWVj&start=207.604> "

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:45:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:45:06
Nº Rexistro: 31030
Data envío: 14/08/2025 09:45:06.694

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22464**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da proposta de actualización da Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia para permitir o voto desde os 16 anos de idade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A axenda do Goberno galego non ten neste momento entre as súas prioridades a modificación da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/08/2025 09:44:50

105646



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:44:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:44:53
Nº Rexistro: 31028
Data envío: 14/08/2025 09:44:53,469

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22492**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e outros deputados e deputadas, sobre **"as axudas á mobilidade por autoestrada para a xente nova e os maiores de 65 anos no concello de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"É un compromiso da Xunta de Galicia ofrecer un transporte público máis atractivo e accesible para todos os galegos e galegas. Precisamente, neste compromiso é onde se enmarcan as iniciativas para mellorar as condicións económicas da mobilidade en autobús. Entre elas destacan a Tarxeta de Mobilidade Galicia Xente Nova e a Tarifa +65.

A través destas medidas, tanto as persoas menores de 21 anos como as maiores de 65 teñen ata 60 viaxes de balde no autobús interurbano e no ferrocarril de proximidade na área de Ferrol, así como no transporte marítimo da ría de Vigo.

No que se refire á Tarifa +65 no concello de Ferrol, no primeiro ano de funcionamento rexistráronse 13.028 tarxetas ao peche do 2024 e contabilizáronse preto de 296.000 viaxes, supoñendo un aforro para a cidadanía de 192.000 euros.

Para a xente moza, na cidade de Ferrol contabilizáronse 6.752 tarxetas. Ao longo de 2024 este colectivo fixo 236.000 viaxes gratuítas, que supuxeron unha bonificación de máis de 229.000 euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:44:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:44:47
Nº Rexistro: 31027
Data envío: 14/08/2025 09:44:47,663

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22503**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Nicole Grueira Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as actuacións que se van desenvolver no vindeiro verán no marco do programa Mocidade polo Clima"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" Máis de 3.500 persoas participaron nas actividades organizadas en festivais musicais dentro do programa Mocidade polo clima, que ten o obxectivo de implicar aos máis novos na loita contra o quecemento global poñendo á súa disposición información actualizada e relevante relacionada con este tema, actividades de carácter lúdico e distendido e charlas inspiradoras por persoas de referencia nesta materia.

É preciso animar á mocidade a actuar de xeito respectuoso coa contorna e levar esas prácticas sostibles a actividades de lecer, como poden ser os festivais musicais ou os campamentos de verán.

En concreto, no marco desta campaña de concienciación ambiental organízanse actividades lúdicas, participativas e informativas nun espazo con áreas de lecer, xogos e photocall, así como cunha furgoneta rotulada. Os asistentes teñen á súa disposición un espazo de lecer producido cun material innovador, creado en Galicia e procedente de cáscara de arroz, así como un xogo de preguntas e respostas sobre o clima.

Ademais das accións desenvolvidas no Son do Camiño (Santiago de Compostela), en Port América (Portas), no Atlantic Fest (Vilagarcía de Arousa), no Morriña Fest (A Coruña) e dentro dunhas semanas no Festival de la Luz (Boimorto), esta actuación de sensibilización ambiental tamén se leva a cabo en 15 campamentos de ocio e tempo libre para concienciar á rapazada de entre 14 e 18 anos.

Neste caso, búscase informar sobre prácticas sostibles a través de charlas de divulgación, nas que se abordarán distintos conceptos climáticos e se reflexionará sobre os hábitos diarios e o coidado do medio ambiente, e de actividades lúdicas en forma de xogos de preguntas e respostas para afondar nos coñecementos nesta materia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Este espazo itinerante busca darlle visibilidade ao concepto de moza e mozo polo clima para que os asistentes poidan identificarse con el e contribúan a mitigar os efectos do quecemento global adoptando unha posición activa en todos os aspectos da súa vida cotiá.

Ademais, serve para promocionar entre o público ao que vai dirixido a primeira edición dos premios Mozo/a polo clima, que busca recompensar o talento xuvenil dándolle visibilidade a algunhas das súas iniciativas, proxectos e ideas no eido social e empresarial, na investigación, na cultura ou na arte e que teñan algún tipo de impacto positivo no clima da Comunidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:44:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:44:30
Nº Rexistro: 31024
Data envío: 14/08/2025 09:44:30.341

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22509**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"plan de actuacións previsto por Augas de Galicia nas infraestruturas hidráulicas da comarca de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Xunta e Concello de Ferrol asinaron o pasado mes de xullo o convenio de colaboración polo que se iniciará a mellora da rede de saneamento e depuración de auga na zona rural do municipio. Esta primeira parte das obras incidirá en distintos núcleos de seis parroquias rurais do concello -Brión, Covas, Doniños, Esmelle, A Cabana e A Graña- e suporá un investimento de máis de 5,7 millóns de euros.

O acordo -que conta con cofinanciamento europeo a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027- establece que o Goberno galego aporta o 70% do investimento e o local o 30% restante.

Os traballos previstos ao abeiro do convenio de colaboración correspóndense coa primeira parte da fase 1 -hai dúas fases, a primeira delas dividida en dúas partes- coa que se beneficiará a arredor de 1.350 habitantes dos máis de 4.400 aos que se pretende chegar co conxunto das actuacións.

Na actualidade practicamente o 100% da poboación urbana de Ferrol está conectada aos sistemas de saneamento e depuración existentes na cidade e que as obras na zona rural buscan que, no menor tempo posible, o conxunto da poboación ferrolá conte cuns servizos eficaces e sostibles que, ao mesmo tempo, contribuirán a mellorar a situación medioambiental da contorna.

As actuacións que se van desenvolver ao abeiro do convenio inclúen completar a rede de colectores existente entre o lugar de Valón, na parroquia de Doniños, e a parroquia da Cabana coa instalación de preto de 13,5 quilómetros de tubaxes de distintos diámetros así como dos pozos de rexistro correspondentes.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A maiores están proxectados sete bombeos e impulsións -con máis de catro quilómetros de tubaxes de distintos diámetros- co fin de superar os desniveis topográficos existentes na área na que se van realizar as actuacións. O proxecto desta primeira parte da fase 1 tamén inclúe a reposición de todos os firmes e pavimentos que se vexan afectados durante a execución das obras.

Deste xeito, a Xunta avanza na optimización dos sistemas de saneamento e depuración de auga no concello de Ferrol, onde Augas de Galicia leva investidos máis de 30 millóns de euros en distintas infraestruturas postas en marcha desde 2009, accións que contribuíron a mellorar a situación medioambiental na contorna, a calidade das augas da ría ferrolá e a calidade de vida do conxunto da cidadanía.

Esta actuación enmárcase na colaboración tanto técnica como económica que mantén desde hai anos Augas de Galicia cos concellos -que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración- para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a veciñanza”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:44:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:44:24
Nº Rexistro: 31023
Data envío: 14/08/2025 09:44:24.087

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22644**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros deputados e deputadas, sobre **"as medidas de reforzo positivo da lingua galega que está a impulsar o Goberno galego no ámbito das administracións públicas e da xustiza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Conforme á Lei de Normalización Lingüística, o galego e o castelán empréganse indistintamente na Administración de Xustiza, tanto pola cidadanía como polo persoal da Administración de Xustiza.

En todo caso, o Goberno galego impulsa o emprego do galego no ámbito xudicial mediante distintas iniciativas como a formación, e o fomento de programas, aplicacións e tradutores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:37:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:37:22
Nº Rexistro: 31019
Data envío: 14/08/2025 09:37:22.181

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22654**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os resultados do Programa de mobilización de vivendas para o alugamento"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa Fogar Vivo ten como finalidade a posta no mercado de alugamento do meirande número posible de vivendas de titularidade privada a través dunha renda accesible, así como a simplificación e axilización do procedemento de incorporación das vivendas.

Con este programa ponse en marcha unha das medidas previstas para a lexislatura 2024-2028, que foi anunciada o pasado 23 abril de 2025 polo Presidente da Xunta de Galicia no debate de Estado da Autonomía, dirixida a mellorar o acceso e a rehabilitación de vivendas.

As liñas básicas deste programa foron validadas na Sección de intermediación e financiamento do Observatorio de Vivenda de Galicia que tivo lugar o 25 de abril de 2025, e na que estaban representados os concellos de Galicia por medio da Fegamp; os axentes da propiedade inmobiliaria por medio do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria; as inmobiliarias de Galicia a través da Asociación Galega de Inmobiliarias; o Consello Galego de Arquitectura Técnica, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Federación de Promotores de Galicia e a Asociación Provivenda.

Para consultar as seccións dispoñibles, así como os requisitos que deben de cumprir adxuntamos a resolución do 3 de xullo de 2025 pola que se regula o programa Fogar Vivo, e se establecen as bases reguladoras das súas axudas (código de procedemento VI426F), se regula o procedemento para obter a condición de concello colaborador (código procedemento VI426G), se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa Fogar Vivo para o ano 2025, con financiamento plurianual:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250710/AnuncioC3Q2-040725-0002_gl.html".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:37:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:37:16
Nº Rexistro: 31018
Data envío: 14/08/2025 09:37:16.504

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22688**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as estratexias que prevé desenvolver o Goberno galego enfocadas á protección efectiva das zonas húmidas de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Unha boa representación das zonas húmidas galegas, arredor do 65%, está incluída na Rede Natura 2000 de Galicia como hábitat de interese comunitario (algúns con carácter prioritario). Así mesmo, existen zonas húmidas incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia (IZHG) e as categorías de espazo natural protexido de zona húmida protexida.

A realización de Plans de xestión para os diferentes espazos da rede Natura 2000, así como a revisión dos plans hidrolóxicos de conca derivados da Directiva Marco da Auga, supoñen unha gran oportunidade para a xestión e mellora do estado de conservación das zonas húmidas e das especies ligadas á auga.

Actualmente estase a traballar na consecución de información actualizada sobre os diferentes tipos de hábitats de interese comunitario (THIC) ligados á auga, o que permitirá definir os obxectivos e as medidas de conservación para o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento nun estado de conservación favorable destes tipos de hábitats con características de zona húmida, así como deseñar un sistema de seguimento do seu estado de conservación.

Esta información formará parte dos Plans de xestión das diferentes Zonas Especiais de Conservación (ZEC), nos que se establecerán medidas de conservación para cada un dos distintos hábitats e especies. Cinco destes espazos incluídos na Rede Natura 2000 contan coa categoría de zonas húmidas protexidas.

En canto á actualización destes hábitats, recentemente incluíronse 250 zonas húmidas e se actualizar outras dez no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia. Con esta información ampliáronse as zonas húmidas inventariadas, que xa incluían 400 zonas húmidas neste inventario, ata un total de 650.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Sobre as infraestruturas de enerxía e plantacións forestais das zonas húmidas de montaña que se atopan dentro de algunha das categorías de espazos naturais protexidos avalíanse en relación co especificado nos seus instrumentos de planificación. As situadas fóra destes espazos son susceptibles de tramitación ambiental a través da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o procedemento máis axeitado para minimizar os efectos ambientais dos novos proxectos susceptibles de xerar impactos, dado que establece mecanismos eficaces para evitar, reducir ou compensar os seus posibles efectos no medio ambiente. Ademais, é preciso lembrar que a Xunta investirá algo máis de 3 millóns de euros – financiados nun 68,88% a través de distintos programas da UE e no 31,12% restante con fondos propios– a través dun completo paquete de actuacións de restauración e conservación en varios humidais de interese repartidos polas catro provincias.

Deste xeito, as intervencións programadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático enfocaranse en diferentes espazos costeiros localizados na provincia da Coruña e concibidos como parte dunha mesma rede; en zonas húmidas do complexo da Terra Cha, en Lugo; e nos principais espazos destas características que conforman o complexo húmido da Limia, na provincia de Ourense.

Así mesmo, no caso de Pontevedra acometerase unha intervención integral nas Gándaras de Budiño, un espazo natural protexido de importancia comunitaria que concentrará as actuacións nesta provincia pola importancia do orzamento necesario para completar a súa restauración”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:36:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:36:58
Nº Rexistro: 31015
Data envío: 14/08/2025 09:36:58,443

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22717**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación en que está o Centro de Saúde de Narón"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No relativo ao estado do centro de saúde, a pregunta mestura o concello de Narón co centro de saúde de Negreira, sen ningunha relación entre ambos. Non consta a situación de deterioro citada para o centro de saúde de Narón, que é de recente construción.

En canto á ambulancia medicalizada, está dispoñible 24 horas e 365 días ao ano para a poboación de Narón. Ademais, a proximidade entre Narón e Ferrol e aos hospitais fai que se poida usar en tempo as ambulancias do concello veciño. De feito, o índice de servizo en espera é mínimo e dáse en momentos moi puntuais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:36:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:36:41
Nº Rexistro: 31012
Data envío: 14/08/2025 09:36:41.125

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22760**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luís Bará Torres, sobre **"as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego co obxecto de demandar unha mellora dos servizos ferroviarios en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego leva moito tempo poñendo de manifesto o agravio continuo por parte do Goberno central do que é obxecto Galicia no que se refire ao transporte ferroviario. A precariedade do servizo, no que as incidencias, retrasos e avarias son frecuentes, e das infraestruturas é resultado dunha xestión ineficiente por parte do Executivo estatal.

O Goberno galego considera prioritario dispoñer dun transporte ferroviario moderno e axeitado ás necesidades dos usuarios, tanto no que respecta á alta velocidade como á modalidade convencional, e por esta razón mantén unha reivindicación constante ante o Goberno central".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:36:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:36:13
Nº Rexistro: 31008
Data envío: 14/08/2025 09:36:13.123

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22781**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Montserrat Valcárcel Armesto sobre **"o impacto ambiental e os beneficios do proxecto de construción da macrocentral hidroeléctrica reversible Conso II, en Vilariño de Conso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo celebrada o pasado 9 de maio de 2025 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría, en resposta á POC 22780.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 9 de maio de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjYyNDI0NjQtMzMzQ0ZS00MmE1LWFjZGQtNjE2Y2EyM2EzYTly>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:44:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:44:10
Nº Rexistro: 31021
Data envío: 14/08/2025 09:44:10.876

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22827**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a información que o Goberno galego prevé remitir á Cámara verbo do procedemento de autorización para a construción da central hidroeléctrica reversible en Vilariño de Conso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

" Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo celebrada o pasado 9 de maio de 2025 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría, en resposta á POC 22780.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 9 de maio de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjYyNDI0NjQtMzMzQ0ZS00MmE1LWFjZGQ0tNjE2Y2EyM2EzYTly> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 9:49:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 09:49:24
Nº Rexistro: 31032
Data envío: 14/08/2025 09:49:24.798

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22914**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Silvia Longueira Castro e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego ante o anuncio de peche da fábrica de Sargadelos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a entidade Sargadelos, acadaron un acordo verbal para o reinicio da actividade en Sargadelos, tras días de negociación.

Unha vez reanudada a actividade da planta de Sargadelos en Cervo e co total das persoas traballadoras incorporadas aos seus postos de traballo, desde o Goberno galego seguimos mantendo un seguimento constante da situación, no marco do compromiso da cooperación para garantir a continuidade dunha fábrica que representa un emblema histórico, cultural, económico e emocional da nosa terra.

Así, tendo en conta que as deficiencias detectadas na inspección realizada son subsanables e que se dan as condicións para garantir a seguridade do persoal, reiteramos o apoio institucional para levar a cabo nas instalacións -declaradas Ben de Interese Cultural- todas as melloras necesarias para a protección da saúde das persoas traballadoras, solicitando á Inspección de Traballo á máxima flexibilidade posible dentro da legalidade vixente"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:53:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:53:22
Nº Rexistro: 31110
Data envío: 14/08/2025 13:53:22.801

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22931**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro sobre **"o funcionamento nesta lexislatura do Consello Autonómico de Emprego e dos correspondentes consellos provinciais e territoriais nesta materia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O Consello Galego de Relacións Laborais se configura como un marco permanente de encontro das entidades recoñecidas como interlocutores sociais e como un órgano de diálogo institucional entre elas, consultivo e asesor da Comunidade Autónoma nas materias relativas á súa política laboral.

Así, a través da representación que ostentan as organizacións sindicais e empresariais no Consello Galego de Relacións Laborais, a relación entre a administración e ditas organizacións seguiu sendo fluída mediante o desenvolvemento das funcións que lle son propias, segundo o disposto na Lei 5/2008, de 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais:

- a) Elaborar e remitir, a iniciativa propia, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da Comunidade Autónoma e exporlles propostas en materia de política laboral.
- b) Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da Comunidade Autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
- c) Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37. 1.º da Constitución española e impulsar unha adecuada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.
- d) Preparar e redactar propostas relativas e acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- e) Promover e facilitar a mediación e arbitraje nos conflitos laborais, a pedimento das partes interesadas. A tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitrxes ou mediacións, en especial respecto aos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- f) Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e competencias que este determine.
- g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da Comunidade Autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.
- h) Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- i) Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7. 2º.
- j) Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na Comunidade Autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- k) Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.

Por outra banda, o Executivo galego non pode ser considerado coma un goberno que non promove a participación nos asuntos públicos coas entidades e organizacións sindicais e empresariais.

En Galicia atópase en vigor a Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, que establece o marco legal de participación na xestión de asuntos públicos de natureza socioeconómica, recoñecendo a presenza das mesas nos órganos de dirección, asesoramento e participación da Administración autonómica e de numerosos organismos públicos.

Non obstante, xa con anterioridade, este diálogo participativo tomará forma podendo dar como exemplo a Declaración Institucional do 5 de novembro de 2005 polo Diálogo Social de Galicia, ou o máis recente antecedente dos Acordos para avanzar cara unha Galicia máis igualitaria e sostible, do 10 de decembro de 2019.

Polo exposto, podemos asegurar sen ningún xénero de dúbida que, en exercicio da competencia de execución que o artigo 29.1. da Lei Orgánica 1/1991, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, que atribúe en materia laboral o Goberno da Xunta de Galicia, ven de impulsar un permanente Diálogo Social coas organizacións descritas.

Como corolario deste camiño que ten configurado un mecanismo de participación que colabora na consecución do progreso económico e a cohesión social, situando a concertación e o consenso como valores esenciais entre as partes, parece o momento

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



de abordar unha regulación que institucionalice de forma clara o marco do diálogo e da participación tripartita, partindo como concepto primixenio de paridade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:52:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:52:53
Nº Rexistro: 31105
Data envío: 14/08/2025 13:52:53,550

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22936**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a postura do Goberno galego en relación coa política exterior do actual presidente de Estados Unidos e coa decisión da Comisión Europea de constituír un fondo extraordinario para incrementar os gastos de defensa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Nestes tempos de inestabilidade na situación xeopolítica, o Goberno galego non se pronuncia sobre hipóteses de moi difícil ou imposible concreción. En todo caso, apoia unhas relacións internacionais suxeitas a normas, baixo os principios de igualdade soberana, non agresión e respecto aos postulados do dereito internacional.

O Goberno galego apoia a volta ao alto o fogo en Gaza e a aplicación dos plans iniciais que incluían a liberación dos reféns, o intercambio de prisioneiros, a entrada de axuda humanitaria e a reconstrución da Franxa.

O Goberno galego é consciente da necesidade de garantir a seguridade en Europa, única forma de defender os principios e valores que sustentan o noso modo de vida, o que fai imprescindible o incremento do gasto en seguridade e defensa. A Alianza Atlántica está chamada a xogar un papel disuasorio de aventuras expansionistas que atentan contra a paz e a estabilidade nas relacións internacionais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:52:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:52:42
Nº Rexistro: 31103
Data envío: 14/08/2025 13:52:42.116

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 22944**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, dona Iria Carreira Pazos e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no referido ao cumprimento das recomendacións do Consello de Contas contidas no seu informe de fiscalización da Conta xeral do Sergas de 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22943, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 22 de maio de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/3UdqIAAOG4RneNXCEK3VQDLDzkHFdzTcERWd8Xrx10eMg6>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:52:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:52:31
Nº Rexistro: 31101
Data envío: 14/08/2025 13:52:31.443

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 23605**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros deputados e deputadas, sobre **"as accións que pensa levar a cabo o Goberno galego para demandar unha mellora dos servizos ferroviarios"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego leva moito tempo poñendo de manifesto o agravio continuo por parte do Goberno central do que é obxecto Galicia no que se refire ao transporte ferroviario. A precariedade do servizo, no que as incidencias, retrasos e avarias son frecuentes, e das infraestruturas é resultado dunha xestión ineficiente por parte do Executivo estatal.

O Goberno galego considera prioritario dispoñer dun transporte ferroviario moderno e axeitado ás necesidades dos usuarios, tanto no que respecta á alta velocidade como á modalidade convencional, e por esta razón mantén unha reivindicación constante ante o Goberno central".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:52:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:52:13
Nº Rexistro: 31098
Data envío: 14/08/2025 13:52:13.945

CSV: BOPGDSPG-a9RwpGd9l-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

